

ORDENANZA NÚM. 40

PLANTACIÓNS FORESTAIS NO CONCELLO DE VILALBA

Artigo 1.

De conformidade co que se establece no **artigo 591 do Código Civil**, e no **Decreto 2.661/1967, do 19 de outubro**, e segundo os **artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril**, reguladora das **bases de réxime local**, estableceuse unha ordenanza con carácter non fiscal reguladora das distancias entre plantacións forestais e as vivendas, construcións, camiños municipais, praderías e todo tipo de cultivo, así como a unidade mínima de plantación.

Artigo 2.

Con carácter xeral as plantacións forestais situaranse ás distancias mínimas que se relacionan:

- DISTANCIAS A VIVENDAS: 50 m. agás eucaliptos, piñeiros, chopos e especies de porte alto que serán a 75 m.
- A EDIFICACIÓNS NON DESTINADAS A VIVENDA:..... 20 m.
- A CAMIÑOS PÚBLICOS: 5 m. dende a súa aresta exterior, excepto a cerrume de sebes que deberá realizarse á mesma distancia que as cerrumes de leiras con chantós, bloques, etc. (3 m desde o eixo a camiños, e 4 m. a pistas).
- AS PRADEIRAS E TODO TIPO DE CULTIVOS AGRÍCOLAS, así como FONTES, RÍOS, REGOS E CURSOS DE AUGA:
 - Eucaliptos, chopos:25,00m.
 - Piñeiros e coníferas en xeral:15,00m.
 - Carballos, castiñeiros e outras frondosas:....10,00m.
 - Árbores froiteiras:3,00m.
 - Arbustos e outras árbores baixas:0,50m.

Artigo 3.

A superficie mínima para poder realizar unha plantación será de 5.000 m², agás en zonas encravadas en masas forestais e/ou superficies adicadas tradicionalmente a monte.

Artigo 4.

Dada a importancia que ten o cumprimento da presente ordenanza para o correcto desenvolvemento e fomento da riqueza forestal, agrícola, medioambiental, e paisaxística do Concello de Vilalba, establécense para os infractores, que a contraveñan, as seguintes sancións:

- 1) Con carácter xeral coa soa infracción da distancia sinalada, multa de.....60,10 €.
- 2) Por cada árbore situada a menor distancia da que se preceptúa, multa de.....1,80 €/árbore.

En todo caso existirá a obriga polo infractor/a de repoñer o terreo no seu estado primitivo.

Artigo 5.

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo que se prevé no **art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril**, reguladora das **bases de réxime local**, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.